

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECE A VALORACIÓN FINAL DE MÉRITOS NAS LISTAS DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR

Con data 21/05/2021 publicouse a Resolución do 7 de maio de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán o proceso de elaboración das listas propias da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para a contratación temporal de persoal investigador e se abre o prazo de presentación de solicitudes en 2021 (código do procedemento MR325A).

Rematado o prazo de presentación rexistráronse un total de 119 solicitudes das que 21 resultaron excluídas. Con data 27/08/2021 publicáronse as listas provisionais das puntuacións acadadas polas persoas admitidas, así como a relación das excluídas e as causas de exclusión, consonte á previsión do artigo 13.1 da Resolución.

Fronte as listas provisionais presentáronse un total de 13 alegacións. Unha vez resoltas as alegacións presentadas procede aplicar a previsión do artigo 13.2 da Resolución do 7 de maio. Por tanto,

RESOLVO

Aprobar a valoración final de méritos e proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios da Axencia e dose seus centros, así como na páxina web da Axencia.

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

